

Un campo cheo de estrelas

Letra do himno do Ano Santo Compostelán 2027

Autor: Carlos Martínez Movilla

ESTROFA 1

Rutas de pedra e silencio
fíos que tecen a fe
dende hai máis dun milenio
silentes baixo os teus pés

Non importa de onde veñas
nin a cor da túa pel,
importa quen volverá
sendo distinto ó lugar
onde o viron nacer

RETROUSO

*Un campo cheo de estrelas
agarda ó fin do camiño
onde as frechas me levan
a reunirme contigo*

*Guíame, guíame, guíame,
á túa casa Santiago, guíame...*

ESTROFA 2

Porta que eleva á Gloria
perdón que atopa o seu rumbo
graza que o ano custodia
poñendo luz no escuro

Onde un martelo de prata
derruba todos os muros
onde non vexas fronteiras,
nin se precisen bandeiras
nin ti nin eu, senón xuntos

RETROUSO

*Un campo cheo de estrelas
agarda ó fin do camiño
onde as frechas me levan
a reunirme contigo*

*Guíame, guíame, guíame,
á túa casa Santiago, guíame...
Guíame, guíame, guíame,
acompañame a atoparme con El*